

CONCELLO DE LUGO

SEPARATA N. 04



ÍNDICE

1.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	1
2.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	3
2.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	3
2.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	4
2.2.1.	TRAMO A BASCUAS – A ESTRADA.....	4
2.2.2.	TRAMO O BACURÍN – SAN PEDRO DE ABAIXO	4
2.2.3.	TRAMO A ESTRADA - CARBALLIDO	4
2.2.4.	TRAMO XESÚS DE NAZARET – CASTELO DE ARRIBA	4
2.2.5.	TRAMO GALEGO DE ABAIXO – RÚA DA CHANCA (LUGO).....	4
2.2.6.	TRAMO PORTA MIÑÁ – PONTE VELLA.....	4
2.2.7.	TRAMO O BURGO - BACURÍN	5
3.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL	5
4.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	7
5.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	8
6.	ANEXO FOTOGRÁFICO	11
7.	ANEXO PLANOS	19

1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

O primeiro núcleo polo que pasa o camiño ao entrar no concello de Lugo é Gondar. Aínda que o camiño tradicional pasaba por S. Paio de Arcos, Paderne e Romeans, ata o s. XIV foi por Gondar onde houbo un hospital que quedou despois abandonado ao cambiar de itinerario o camiño, así consta nun cambio que no ano 1369 realizan o bispo de Lugo e a priora de Santa María a Nova de Lugo: *Item vos damus maiso espital de Gondar con suas rendas e dereituras e pertencenças, por quanto o dito camiño se mudou por outra parte, e o dito espital non reçebe os ditos proves nen se faz y aquello para que foy establecido*¹.

O camiño francés de Ovedo continuaba por Bascuas que pertencía ao coto da Igrexa de Lugo: *...o casal de Vascoas ... que he su signo de Santa maría de Vascoas que he en o couto de Lugo en a terraria de Vascoas*²; e dende aquí a San Martín de Carballido (*San Martin de Carvallido*)³ e Fazay, *aldea de Façay* como consta nunhas escrituras de venta protagonizadas por veciños do lugar. Nunha destas cartas véndese precisamente, *a casa da Hidalguía de Malle en Santa María de Bóveda*⁴. De Fazai chegábase a Lugo por Castelo.

A saída de Lugo podía realizarse pola Porta Miña ou pola de Santiago e cruzábase o río pola ponte romana. Na descrición da cidade de Lugo que fai Hermann Küning de Vach en 1495 dinos: "...as IIII millas chegas a Lucus á cidade, alí establecidos xunto a unha ponte atopas uns baños. A cidade está admirablemente edificada como que mostra unha muralla propia. Aconséllote que despois vaías por unha ponte xunto aos baños"⁵. Tras cruzar o río chegábase ao barrio de San Lázaro onde houbo un lazareto, sigue o camiño por San Xoán de Alto e San Vicente do Burgo.

As referencias documentais a Porta Miñá son frecuentes na documentación da catedral de Lugo, A ponte romana experimenta numerosas reconstrucións. Así, por exemplo, en 1456 Inés Fernández, veciña de Lugo, deixa no seu testamento unha certa cantidade en metálico para a *obra da Ponte de Lugo*. A misa señora cede 20 maravedís para *os malates de San Lázaro*⁶; e, en 1487 Xoán Fernández de Castro Alfonsyn, clérigo de misa e coro da Igrexa de Lugo, manda dous maravedís a *Ponte desta cibdad (Lugo) et a San Lasaro*⁷. Queda polo tanto atestiguada a presenza na Idade Media deste lazareto, aínda que na actualidade só subsiste a súa casa do XVIII, con epígrafe na fachada:

ESTE HOSPITAL SE HYZO REINANDO CARLOS III D. G. VISITADOR D. MAURO VALLADARES SOTOMAYOR P. R. ADMINISTRADOR D. ANTONIO BENITO TEIXEIRO Y MONTENº. AÑO DE 1779. Mº FVLGº DURAN.

Seguía despois a ruta por unha calzada empedrada ata o lugar de Louzaneta ata chegar ao comezo da estrada provincial que vai por Vilamaior de Negral a Palas de Rei, cruzando antes a de Lugo-Friol. A estrada de Vilamaior, foi trazada coincidindo en moitos tramos coa vía romana e medieval das peregrinacións de Lugo a Compostela e nela atopábase a capela de San Matías, do s. XVIII, que ao parecer substitúe a outra máis antiga. O camiño afastábase da estrada e chega ao casarío de Seara, onde se atopa unha "L" gravada "no rodapé do muro do seu curro, e que

indicaba a primeira Legua dende Lugo, cerca quedaba tamén o castro de Seara-Rebordaos"⁸. Pouco despois chegase á igrexa de San Xoán de Alto.

En San Xoán de Alto existiu, na alta Idade Media, unha igrexa- mosteiro citada nun documento do s. X como San Xoán de Mera *–basilica sita est et monasterium constructum in valle Mera prope fluvio Minei, sub urbe Lucense, villa que dicunt Quarto-*. Trátase da doazón dunhas vilas que fai Dona Xemena a dito mosteiro, o 17 de xuño do ano 964⁹. Con anterioridade aparece mencionada esta igrexa concretamente no coñecido e dubidoso "Testamento de Odoario" do ano 747: *In Mera Ecclesiae S. Eulalia Alta et S. Maria Alta, et Ecclesia S. Ioannis de Mera*¹⁰. Un documento posiblemente elaborado no s. XIII polo autor do Tombo Vello de Lugo.

Desaparecida a vida monástica, pasaría, posiblemente nos séculos centrais da Idade Media, a converterse en igrexa parroquial. E como "ecclesia" mencionase xa en 1257¹¹.

A mediados do XV, en 1445, Aldara Fernández vende a un matrimonio veciño de Lugo un casal en *Astaris sub signo de Sayoan do Alto*, y el lugar *da Pousa* que compro a Afonso Fernández de *Burgo Novo*¹². Refírese, sen dúbida, a San Xoan do Alto, nas veciñanzas de Lugo e no camiño que se dirixe a Melide.

San Vicente do Burgo, é unha poboación en rúa, na que existiu un antigo hospital "casa do Francés". Madoz describe esta poboación como de clima frío, montañosa e pouco fértil, pola que pasaba o camiño de Santiago a Lugo, *vereda antiqua* na que se crea o burgo en 1089¹³. Na documentación medieval da catedral de Lugo, mencionase a varias persoas orixinarias de San Vicente que residen na cidade de Lugo¹⁴. Coñecemos tamén unha referencia documental de 1681, ano no que Alfonso de Setién e Neira, veciño de San Miguel de Bacurín, xunto coa súa muller, venden a D. Pedro Vázquez, veciño de Lugo, o "préstamo simple y sin cura" de San Vicente del Burgo¹⁵.

A ruta seguía polas proximidades de S. Martiño de Poutomillos (ecclesia S. Martín de Poitomillos – in Mera, c. 1133-)¹⁶ San Miguel de Bacurín, San Pedro de Mera, San Romao e Santa Cruz da Retorta ata Vilamaior de Negral.

Deixábase o Burgo polo lugar de Penas, e en Penalumbre o camiño medieval, que antes fora vía romana e despois camiño real pasaba á beira do castro de Prógalo, deixando cerca Santa Eulalia de Bóveda. Conservase aínda na toponimia da freguesía de Poutomillos a denominación de Francés, que indica o lugar por onde ía aquela vereas, non lonxe da ermida de santo Antonio, hoxe desaparecida¹⁷.

⁸ Información ofrecida por Nicandro Ares Vázquez en "O camiño Primitivo de Santiago", *Lucensia*, 5, 1993, p. 22.

⁹ T. Sobrado, I, doc. nº 36.

¹⁰ A. Floriano, *Diplomática española del periodo astur (718-910)*, Oviedo 1949, T. I, documento nº 5 (747, mayo, 15).

¹¹ "Nomenclator toponímico medieval de la diócesis de Lugo", *Lucensia*, 5, 1992, p. 140.

¹² Cat. Lugo, nº 1068

¹³ Referencia en E. Polín, *Camiño Primitivo de Santiago*, Vigo 2003, p. 192

¹⁴ Cat. de Lugo, nº 1086, 1151, 1406.

¹⁵ J. Méndez Pérez, Libros de la Catedral de Lugo en el Archivo Histórico Nacional depositados a raíz de la desamortización, p.188.

¹⁶ "Nomenclator", cit., p. 164.

¹⁷ Nicandro Ares Vázquez, "O camiño Primitivo de Santiago. II de Lugo a Melide", *Lucensia*, 1993, nº 6, p. 23.

¹ AHN, Cód. 417 B, fol. 99 v - 1120v.

² Cat. de Lugo, nº 929 (1416, maio, 21, Lugo).

³ Cat. de Lugo, nº 1255, (1478, enero, 19, Lugo)

⁴ Cat. de Lugo, nº 1371 y nº 1406.

⁵ López Ferreiro, 1907, p. 190.

⁶ Cat. Lugo, nº 1111, (1456, octubre, 15).

⁷ Cat. Lugo, nº 1369.

Santa Eulalia de Bóveda, a pouca distancia do camiño, aparece mencionada a mediados do s. VIII como *ecclesia S. Eulalia Alta* no testamento do bispo Odoario, ao que xa nos referimos. O edificio antigo vese modificado na súa estrutura primitiva asumindo un novo carácter como templo dedicado ao culto cristián dentro do programa odoariano que ten presente a necesidade de reconstruír e crear novos lugares de culto e, por isto, como di M. Núñez “haberase xuzgar como un exemplo máis dos múltiples edificios que surxen na época de Alfonso I para recuperar o nivel espiritual perdido”¹⁸. Posteriormente, Alfonso III, na discutida carta de doazón do ano 897, confirma á igrexa de Lugo varios lugares que foran doados polos seus antepasados entre os que se menciona de novo *In Mera Ecclesiam S. Eulalia Alta*¹⁹. En canto á súa advocación, no testamento de Odoario se recolle o nome dunha Santa, Santa Baia (Santa Eulalia), de reiterado uso noutras igrexas, o que responde á frecuente cita da Santa en breviarios e misais visigodos, sen esquecer que, segundo o *Cronicón* de Sebastián, as reliquias da santa son trasladadas desde Mérida a Pravia e logo, no reinado de Alfonso II, a Oviedo. Madoz localiza a freguesía de San Miguel de Bacurín a dúas leguas de Lugo (trece km.), en terreo montañoso coas boas augas potables poñendo de releve o estado de abandono xeneralizado que presentaban os camiños veciñais no XIX, incluído o que el denomina “camino que va de Santiago por Mellid a Lugo”, que cruza este termo²⁰. O lugar aparece no mencionado testamento de Dona Xemena do ano 964. En dito testamento, a aristócrata doa ao mosteiro de San Xoán de Mera *—basílica sita est et monasterium constructum in valle Mera prope fluvio Minei, sub urbe Lucense, villa que dicunt Quarto-* a vila de Mera e outros lugares próximos, entre eles *Bacorini*²¹. Nun documento do s. XII no que se recollen as regalías de Santa María de Lugo mencionase, entre outros, *de Sancto Michael de Bacorin, casale de domno Romano*²². É probable que se tratara dun pequeno mosteiro familiar e ao igual que outras igrexas-mosteiros fundados na alta Idade Media, tivera unha corta vida. Na primeira década do século XIII aínda existía aquí unha comunidade monástica. De feito, a abadesa Dona Gontroda Rodríguez, doa en 1211, o dereito que ten neste mosteiro *-in monasterio Sanct Michaelis de Bacorin*²³, á igrexa de Santa María de Lugo.

De Bacurín cruzando o Rego do Burgo chegábase ao lugar chamado Francés, pertencente xa á parroquia de S. Pedro de Mera.

San Pedro de Mera, que aparece referenciado en documentos do s. XI²⁴, estaba na “terraria de Servian” que era do señorío do bispo de Lugo, e, aquí, na freguesía de S. Pedro de Mera, estaba o lugar e a ermida de San Silvestre que o bispo lucense afora a Gómez Ares o 19 de decembro de 1494 con todas as súas casas e hospital, a condición de que teñan todas as casas e hospital cubertas e ben reparadas e que *cojays en elas por probes et romeros que vinieren, segund que senpre se acogeron, e lles dedes ende lumbre et sal et agua...*²⁵, do que se deduce que a existencia do hospital é máis temperá e que as súas funcións asistenciais veríanse desenvolvendo con anterioridade a esta data.

Mera pertencía á xurisdición do bispo de Lugo, e, a petición deste, Fernando II co seu fillo Alfonso concédelle, en 1178, os mesmos forais que Afonso VII outorgara á cidade de Lugo²⁶. Posteriormente, en 1193, Alfonso IX dona a herdade de Mera ao mosteiro de Santa María de Melón: *ofero et heridario iure concedo... in perpetuum, totam illam hereditatem de Mera, ut illam cum suis terminis et directuris novissimis et antiquis, et cum ovni iure hereditario sicut ad vocem regiam spectare solebat...*²⁷. De feito, algunhas casas seguen pagando rendas a este mosteiro, no s. XVIII, como consta no Catastro de Ensenada. Madoz sinala que a freguesía de Mera comprende os lugares de Crecente, Hospital, Remesar e San Pedro. Como topónimo S. Pedro aparece mencionado en 1027 entre os termos de Coutos, e como “ecclesia” no s. XII²⁸. É, segundo Madoz, un dos anexos de Santiago de Gomelle coa que limita ao E., ao S. o fai con Santa María de Lamela, ao O. con San Romao da Retorta, e ao N. con San Miguel de Bacurín. Engade ademais, que Mera “toca no Camiño que desde Lugo se dirixe a Santiago por Melide”²⁹.

¹⁸ 101 M. Núñez, *Arquitectura Prerrománica*, Coag 1978, p. 136.

¹⁹ Flórez, *España Sagrada*, XL, apd. XIX.

²⁰ 103 Los términos de esta feligresía son : al N. con Santiago de Prógalo, al E. con Gomelle, al S. con S. Pedro de Mera ¼ de legua, y a igual distancia con Bóveda y Villafiz. Madoz, *Diccionario, Galicia I*, Madrid 1845, p. 87.

²¹ T. Sobrado, I, doc. nº36, (964, junio 17).

²² Nicandro Ares Vazquez, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, IX, 1971-72, p. 57-58.

²³ O documento orixinal publicao Nicandro Ares Vázquez en, “ San Miguel de Bacurín”, *Lucensia*, 1993, nº 6, p. 120. Esta información la recoge también E. Polín, *Camiño Primitivo de Santiago*, Vigo 2003, p. 212.

²⁴ “Nomenclátor”, p. 162.

²⁵ Cat. Lugo, nº 1389.

²⁶ M. Recuero, P. Romero, M^a A. Rodríguez, *Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*, Xunta de Galicia 2000, doc. nº164.

²⁷ *Alfonso IX*, doc. nº 63 (1193, febrero, 5, Sotomayor).

²⁸ “Nomenclator de parroquias, lugares, villas y aldeas que se leen en los documentos medievales de Lugo”, ob. cit., p. 162.

²⁹ Pascual Madoz, *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Galicia, Madrid 1845, Tomo IV, p. 809.

2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

2.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Trazado do Camiño: A Pallota (límite co concello de Castroverde) – Taboeiro, parroquia de San Pedro de Mera (límite con concello de Guntín)

O Camiño Francés de Ovedo ao seu paso polo termo municipal de Lugo atravesa as seguintes parroquias: Santa María de Gondar, Santa María de Bascuas, San Martiño de Carballido, San Vicente de Pedreda, Lugo, San Vicente do Veral, San Xoán do Alto, San Vicente do Burgo, San Martiño de Poutomillos, San Miguel de Bacurín e San Pedro de Mera.

Tramo A Pallota – Lugo

O Camiño entra no termo municipal de Lugo tras cruzar o río Romeán pola ponte da Pallota. A cincocentos metros da ponte a pista asfaltada pola que vai o Camiño atópase coa estrada comarcal CP-2917, continuando por ela ata Gondar. A paisaxe neste treito é variada, alternándose os prados coas zonas arboradas, nas que as masas de carballos ou bidueiros alternan coas novas plantacións de piñeiros. Durante a maior parte do tramo o Camiño vai entre valos ou noiros.

O Camiño pasa polo sur do núcleo de Gondar, que nesta zona presenta un crecemento lineal en certo modo independente do núcleo principal. O Camiño continúa pola estrada CP 2917 entre unha paisaxe de agras. Pasado o lugar do Hospital continúa atravesando un bosque de carballos mesturado con plantacións de piñeiros e eucaliptos, para mais adiante cruzar xunto a unha gran graveira cuxas instalacións ocupan ambas beiras da estrada.

Pasada a graveira o Camiño deixa á estrada para seguir por unha senda que descende á dereita entre noiros, atravesando unha carballeira. Continúa polo sur do núcleo de Bascuas para, tras cruzar a pista que conduce a ese núcleo, seguir por un camiño de terra, de ampla caixa, limitado por valos de pedra, que vai entre os agros do núcleo da Estrada. O camiño termina na pista asfaltada que leva á estrada LU-530, continúa uns douscentos metros por unha senda de terra habilitada á beira da estrada, para seguir por un camiño de terra que catrocentos metros mais adiante volve a conectar coa estrada.

A partir de este punto o Camiño continúa durante un treito de uns mil trescentos metros pola beiravía da estrada LU-550. Este tramo é especialmente perigoso porque os peregrinos teñen que camiñar pola beira da estrada nun tramo no que os coches circulan a gran velocidade. Na maior parte do tramo as beiras da estrada están ocupadas por bosques de piñeiros de gran espesura. Pasado o lugar de Carballido, ao sur da estrada, o Camiño colle a pista que vai cara ao norte ata o núcleo de Manzoí. A uns douscentos oitenta metros do cruce continúa por unha congostra entre carballos, para bordear, un pouco mais adiante o Castro Sillar, nun tramo en que a ruta vai paralela a un pequeno regato. Pasado o castro o Camiño atravesa unha braña nun treito orlado de ameneiros de gran beleza. A senda continúa nunha paisaxe de agros e prados no que destacan os valos formados por grandes lousas de xisto fincadas no terreo.

Despois de atravesar o núcleo das Casas da Viña, a ruta continúa durante uns catrocentos metros entre os prados para mais adiante atravesar unha plantación de piñeiros. A partir de aquí a paisaxe vai degradándose a medida que o camiño se achega á estrada LU-550. Nas proximidades do nó que se forma no cruce da LU-550 ca A-6, perdese completamente a traza e o camiño fai unha volta cara ó norte para cruzar a autoestrada por un viaducto, seguindo por unha paisaxe degradada polas obras da autoestrada.

O Camiño continúa atravesando os núcleos de Castelo de Arriba e Galego de Abaixo nunha paisaxe na que os agros e os prados van sendo substituídos polas edificacións, a medida que a ruta se achega a Lugo.

Tras cruzar o río Rato, o Camiño continúa pola rúa da Chanca, atravesa a rúa de San Eufrasio e continúa pola rúa das Flores, despois de cruzar a Ronda de Fontiñas, ascende pola rúa Carril das Flores ata encontrarse ca ronda da Muralla. Entra no recinto da muralla pola porta de San Pedro e continúa pola rúa de San Pedro ata á Catedral. A saída do casco histórico faise ben pola porta de Santiago, ben pola porta Miñá, á que se chega polas rúas da Catedral e de Tinería. A ruta que sae pola porta de Santiago continúa pola rúa de Santiago e segue pola calzada da Ponte para cruzar o Miño pola ponte Romana. A ruta que sae pola porta Miñá continúa pola rúa do Carme, atravesa a ronda do Carme e continúa por unha senda paralela a esta pola parte inferior, enlazando mais adiante coa calzada da Ponte.

Pasado o Miño, a ruta segue pola marxe esquerda do río pola rúa de Fermín Rivera, cruza polo antigo núcleo de San Lázaro e continúa polo camiño das Regas e a rúa das Airas, atravesa a estrada de Santiago (N-540) por un paso subterráneo e segue pola beiravía da LU-2901, nunha paisaxe suburbano marcada pola proximidade da cidade de Lugo.

Tramo Lugo – Taboeiro, San Pedro de Mera

A ruta deixa ao norte o núcleo de Santo Matías e continúa por un camiño de terra habilitado a dereita da estrada. Pasa polo borde do lugar de Seara para, un pouco mais adiante, pasar xunto ao núcleo de Seoane, onde se atopa a interesante igrexa de San Xoán. Pasado Seoane, ábreanse as vistas cara ao noroeste sobre un amplo val, á beira do camiño esténdese os prados delimitados por valos de grandes lousas de xisto fincadas no terreo, nun segundo plano divísanse bosques de bidueiros e carballos, para rematar nos montes que delimitan o val, nos que as plantacións de piñeiros se alternan co bosque autóctono.

O Camiño atravesa ó núcleo de Carrigueiros e continúa entre ás agras ata O Burgo. Nestes núcleos atópanse interesantes exemplos de arquitectura tradicional ademais da magnífica igrexa barroca de San Vicente.

Pasado O Burgo o Camiño segue pola estrada LU 2901 nunha paisaxe aberta e basicamente chá, de praderías que alternan con zoas de bosque autóctono. Pasa polos lugares da Uceira e San Antonio, deixando ao sur a igrexa de San Martiño de Poutomillos e os núcleos de Recimil e Vilar.

Ao saír de San Antonio, o Camiño desvíase da estrada á dereita, para continuar cara á Bacurín nun treito de excepcional calidade. Trátase dun tramo de camiño de ampla caixa definida por valos de pedra en ambos os dous lados, que atravesa unha carballeira de gran interese paisaxístico.

Atravesado o núcleo, o Camiño segue cara ao norte por unha correioira que leva a igrexa románica de San Miguel, para continuar cara ao suroeste por un camiño que vai entre valados e ribazos, nunha paisaxe cerrada dominada polos carballos, de gran interese ambiental.

Tras un novecentos metros de percorrido a ruta volve a atoparse coa estrada LU-2901, para continuar por ela, atravesando os lugares de O Paso e O Hospital. Entre este lugar e San Pedro de Abaixo existe tamén un pequeno tramo de camiño orixinal duns trescentos metros, ben definido por valados e noiros.

Despois de cruzar San Pedro de Abaixo a ruta continúa pola estrada, pasando polo lugar de Taboeiro, ata chegar ao límite co termo municipal de Guntín.

A paisaxe nesta zona é aberta, dominada polos prados que alternan coas carballeiras, nas zonas baixas, e polo monte baixo e as plantacións de piñeiros e eucaliptos, nas zonas mais altas. A existencia de varias canteiras visibles dende todo o val supoñen un importante impacto na paisaxe de este tramo.

Trazado con vestixios históricos Famela – Seoane

O trazado desvíase da LU-2901 ao norte do lugar de Famela, bordea polo sur o Castro de Rebordeos. En Seara cruza a pista que une Fornelo con Abeleiras, e continúa ata Seoane, pasa xunto a igrexa de San Xoán, para continuar ata volver a unirse coa LU – 2901, pola que continúa o trazado do Camiño.

2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado do Camiño e dos trazados con vestixios históricos ao trazado posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997

Trazado do Camiño — Trazado con vestixios históricos —
Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 —

Para a realización da proposta tomouse como base as delimitacións realizadas nos anos 1997, pola Xunta de Galicia, a que realizou no ano 1993 a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e a que figura nas publicacións realizadas por Ricardo Polín sobre o Camiño Primitivo. Estes trazados se contrastaron con el estudio histórico realizado por M^a del Carmen Rodríguez González, ca información cartográfica e fotográfica dispoñible (tanto histórica como actual), cas informacións aportadas polos veciños e co traballo de prospección realizado sobre o terreo.

A continuación se indican as diferenzas existentes entre o trazado proposto e as delimitacións realizadas con anterioridade.

2.2.1. TRAMO A BASCUAS – A ESTRADA

O trazado que figura no PXOM de Lugo no tramo Bascuas – A Estrada aparece unha pequena variación pasado o núcleo de Bascuas. O trazado proposto segue un camiño tradicional, evitando un ángulo agudo moi pronunciado froito dunha modificación recente, como se pode observar nas fotos do voo do ano 1956.

Pasado A Estrada existe unha pequena variación respecto ao PXOM, segúndose un trazado existente no parcelario e parcialmente visible no voo do ano 1956, evitando así neste treito que o camiño coincida coa estrada LU-530.

2.2.2. TRAMO O BACURÍN – SAN PEDRO DE ABAIXO

No tramo Bacurín – San Pedro de Abaixo existe una variación nun treito duns trescentos metros. A súa incorporación basease na disposición do parcelario na zona, sendo mais verosímil o trazado proposto que o da estrada LU 2901 que secciona unha parcela.

2.2.3. TRAMO A ESTRADA - CARBALLIDO

Mil douscentos metros antes de chegar a Carballido o trazado proposto desvíase cara ao sur para continuar pola beiravía da estrada LU-530 ata volver ao camiño pasado Carballido na zona chamada Pena da Viña. Ricardo Polín propón un trazado que une os dous puntos en liña recta atravesando as zonas chamadas As Regas, Punta das Regas e Paradela. Sendo mais verosímil o trazado que propón, na actualidade non se atopan vestixios do Camiño nos lugares mencionados. Tampouco atopáronse vestixios de dita traza nas fotografías aéreas do voo do ano 1956.

2.2.4. TRAMO XESÚS DE NAZARET – CASTELO DE ARRIBA

O importante nodo de comunicacións da autoestrada A-6 nesta zona eliminou calquera vestixio existente do trazado orixinal. O deslinde do ano 1997 levaba a traza pola estrada LU – 530. Na actualidade o trazado segue o camiño de servizo habilitado para cruzar a A-6.



Variación do trazado do Camiño respecto ao trazado do ano 1997 entre Xesús de Nazaret e Castelo de Arriba

Trazado do Camiño — Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 —

2.2.5. TRAMO GALEGO DE ABAIXO – RÚA DA CHANCA (LUGO)

Ricardo Polín propón un trazado alternativo que bordea Galego de Abaixo polo sur para unirse ao Camiño en Castelo de Arriba.

2.2.6. TRAMO PORTA MIÑÁ – PONTE VELLA

A delimitación do trazado que figura no P.X.O.M. de Lugo á saída pola Porta Miñá vai polo chamado Camiño do Regueiro dos Hortos ata a Ronda do Carme. O trazado proposto vai pola rúa do Carme, atravesa a Ronda do Carme e segue por un camiño situado ao oeste dela ata enlazar ca rúa Calzada da Ponte.

Neste senso cabe sinalar que o camiño de peregrinacións a Santiago de Compostela que provén de Oviedo se corresponde co camiño tradicional de longo percorrido denominado, histórica e tradicionalmente, Camiño de Ovedo, ou Camiño Real de Ovedo; composto á súa vez por dous treitos como son o camiño Real Lugo-Oviedo e o camiño real Lugo-Melide. Este camiño é herdeiro de vías romanas, camiños medievais ou camiños de época moderna, mais ao longo dos séculos estas vías sufriron mudanzas no seu trazado debido a aspectos conxunturais diversos, relacionados coa propia dinámica histórica. Así, o Camiño de Ovedo, tal e como chegou a nós, é o único camiño histórico de longo percorrido que une Oviedo con Melide e que é identificable obxectivamente en todo o seu percorrido; por tanto é con el co que se identifica o camiño de peregrinacións a Santiago de Compostela. No caso do Camiño do Regueiro dos Hortos, como o seu topónimo evidencia, se trata dun camiño de servizo local para acceder aos hortos da cidade de Lugo, pero non fai parte do camiño de longa distancia que se corresponde ca ruta de peregrinación.

2.2.7. TRAMO O BURGO - BACURÍN

Tanto o trazado do ano 1997 como o realizado por Ricardo Polín propoñen na zona da Uceira un desvío da estrada LU-2901 cara ao norte. Os vestixios deste trazado atópanse practicamente perdidos na actualidade. Como xa se indicou, este trazado incorpórase como trazado con vestixios históricos.



Variación do trazado do Camiño respecto ao trazado do ano 1997 entre Xesús de Nazaret e Castelo de Arriba

Trazado do Camiño — Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 —

3. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

A continuación realízase unha diagnose dos diferentes tramos do Camiño en función da súa calidade ambiental, o estado do seu pavimento, as dificultades existentes para o tránsito dos camiñantes e o estado da súa sinalización. Para a descrición mais axeitada das condicións do Camiño en cada zona os tramos nos que se dividiu a traza para a súa descrición divídense a súa vez en subtramos mais pequenos de características homoxéneas.

Tramo A Pallota – Lugo

A Pallota – Bascuas

A calidade ambiental do tramo é en xeral boa. Na paisaxe alternan os prados coas carballeiras e as repoboacións de piñeiros. Ao final do tramo, nas proximidades de Bascuas o Camiño sofre o importante impacto da canteira que se estende a ambas as dúas beiras.

O pavimento da totalidade do tramo é de asfalto en bo estado de conservación.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos. Aínda que o trazado coincide cunha estrada local a baixa intensidade do tráfico fai que o risco para os camiñantes sexa baixo.

O tramo atópase sinalizado. Ao final do tramo no punto no que o Camiño desvíase da estrada para seguir por unha senda de terra en dirección a Bascuas falta o marco que sinalizaba o desvío.

Bascuas – A Estrada

A calidade ambiental do tramo é boa. A paisaxe caracterízase polas vistas próximas das leiras e do arborado autóctono que crece ao carón do Camiño. Na parte final do tramo a calidade vese diminuída pola presenza de edificacións sen rematar que supoñen un impacto moderado.

O pavimento do tramo é de terra compactada e atópase en bo estado de conservación.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

O tramo está axeitadamente sinalizado, coa excepción da falta dun marco ao seu inicio xa indicada no tramo anterior.

A Estrada – Carballido

A calidade ambiental do tramo é mala. A meirande parte do tramo transcorre pola estrada LU-530, nunha paisaxe de repoboacións de piñeiros.

A excepción dun pequeno treito ao principio do tramo no que o pavimento é de terra compactada, o pavimento do tramo é de asfalto. A calidade do firme é boa

O tramo supón un importante perigo para os peregrinos ao ter que percorrer unha distancia de mil douscentos metros pola estrada LU-530, nun tramo no que os vehículos circulan a gran velocidade, no que as beiravías son moi estreitas e que carece dun sendeiro alternativo para os camiñantes.

O tramo atópase axeitadamente sinalizado.

Carballido – As Casas da Viña

A calidade ambiental do tramo é boa. A paisaxe alterna zonas de brañas, prados e arborado autóctono. O trazado do camiño ven delimitado por valos de lousas fitas no terreo.

O pavimento é de terra compactada en bo estado de conservación.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

A sinalización do tramo é axeitada.

As Casas da Viña – Castelo de Arriba

A calidade ambiental do tramo é moi mala. A paisaxe da zona veuse profundamente modificada polas obras da autoestrada A-6 e pola construción do anel leste de Lugo cos accesos ao novo hospital. Ao carón do Camiño acumúlanse restos de materias de construción e lixo.

O pavimento é de terra compactada en regular estado de conservación. A pavimentación de adoquíns do inicio do treito que leva á ponte que cruza a A-6 está levantado.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

O tramo está ben sinalizado.

Castelo de Arriba – Galego de Abaixo

A calidade ambiental do tramo é media. Aínda que a zona conserva parte do seu antigo ambiente rural a proliferación de novas edificacións, peches de gran altura, e utilización de solucións e materiais pouco acordes co preexistente, diminúen a calidade do conxunto.

O pavimento é de asfalto en bo estado de conservación. A pavimentación dos espazos públicos vinculados ao Camiño é descoidada.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos

O trazado está sinalizado. Falta sinalización de confirmación nalgúns dos cruces.

Galego de Abaixo – Lugo

A calidade ambiental do Camiño no núcleo urbano de Lugo varía considerablemente dependendo de cada zona. Na chegada a Lugo a través da rúa da Chanca, a zona da ponte sobre o río da Chanca e a continuación e a continuación da rúa ata a Ronda de Fontiñas a calidade xeral do tramo é boa, sen embargo no seguinte treito, a rúa Carril das Flores, a calidade ambiental vese considerablemente reducida, en especial na zona do paso subterráneo situado ao final da rúa. No interior do recinto amurallado a calidade ambiental é moi boa. A saída deste a variante que sae pola Porta Miñá presenta unhas condicións ambientais de maior calidade que a que o fai pola Porta de Santiago.

O pavimento na rúa da Chanca é de asfalto, a rúa Carril das Flores ten pavimento de lastro con beirarrúas de baldosas de formigón. No interior do casco histórico a pavimentación é de lousas de pedra de grá ou lastro. A variante que vai pola rúa do Carme ten un primeiro tramo con pavimento de asfalto e beirarrúas de baldosas de formigón, despois unha zona de empedrado de lastros e o resto de terra compactada. A variante da rúa de Santiago ten pavimento de asfalto con beirarrúas de baldosa e zonas con pavimento de lastro.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos. Na Ronda do Carme non hai paso de peóns na zona pola que teñen que cruzar os peregrinos que veñen da rúa do Carme.

O trazado está sinalizado. Sería necesario reforzar a sinalización na zona do Barrio do Carme.

Lugo – Santo Matías

A calidade ambiental do tramo é media. Aínda que o primeiro treito ten interesantes vistas do río Miño e da cidade de Lugo a partir do núcleo de San Lázaro a falta de calidade dalgunhas das construcións realizadas á beira do Camiño, a carencia de homoxeneidade e a falta de criterio na elección dos materiais dos peches das fincas xunto coa escaseza de arborado supoñen unha diminución da calidade ambiental da zona.

O pavimento é de asfalto, nas zonas mais próximas á cidade de Lugo con beirarrúas.

